

## **Sistema de Garantía Interna de Calidad**

---

### **Política de Calidad**

<b>Versión</b>	<b>Modificación</b>	<b>Data</b>
01	Edición inicial	15/03/2015

<b>ELABORADO:</b>		<b>REVISADO:</b>		<b>APROBADO:</b>	
Director		Responsable Calidad		Director	
Data	BD	Data	BD	Data	BD



## Política da Calidade

---

O **Conservatorio Superior de Música de Vigo** definiu a calidade como parte fundamental da súa política e da súa estratexia, e adoptou un sistema de xestión baseado na calidade como modelo de referencia para a xestión da Institución. Este sistema de aseguramento da calidade está baseado na Norma UNE-EN ISO 9001:2015.

Este Centro adoptou a calidade como unha filosofía de actuación que se identifica coas seguintes directrices:

- A procura da mellora continua das nosas actividades, dos servizos que prestamos e dos procesos de traballo.
- A aportación de valor ao alumnado, ao profesorado e ao persoal do centro, escoitando a súa voz e procurando satisfacer as súas expectativas.
- A adopción de metodoloxías de traballo baseadas na cultura da evidencia, a xestión a partir de datos e a disciplina do traballo en equipo.
- A xestión dos procesos orientada á mellora continua mediante a planificación, o desenvolvemento e a revisión e mellora dos mesmos.
- A mellora dos resultados definindo os indicadores e obxectivos, e avaliando o nivel de logro dos mesmos.
- Requisitos:
  - Implícitos, explícitos, do usuario, regulamentarios e os propios da nosa organización.

Estas directrices despréganse a través dos seguintes procesos e proxectos:

- Mantemento dun sistema da calidade segundo UNE-EN ISO 9001:2015.
- Medición e análise periódico da satisfacción de usuarios.
- Revisión do sistema da calidade e actualización periódica de procesos.
- Auditorías internas e externas do sistema da calidade.

Así mesmo, despréganse nos Obxectivos de Calidade a través da formulación e o cumprimento dos mesmos. Os obxectivos do **Conservatorio Superior de Música de Vigo** serán computables e medibles a través de indicadores; todos eles constitúen os obxectivos da calidade. O grao de cumprimento será avaliado periodicamente.

O compromiso coa calidade afecta a toda a organización. Todas as persoas do **Conservatorio Superior de Música de Vigo** aceptan este compromiso e a súa responsabilidade no cumprimento dos requisitos establecidos no Sistema de Xestión da Calidade, así como de participar activamente na mellora da calidade e da xestión, e no logro dos obxectivos institucionais.

A Dirección do **Conservatorio Superior de Música de Vigo** facilitará os medios e a formación necesarios para o desenvolvemento con éxito das actividades.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Conservatorio Superior de Música de Vigo

Manuel Olivie, 23  
36203 Vigo  
Tfno: 986471144 Fax: 986481807  
cmus.vigo@edu.xunta.es  
<http://csmvigo.com>



Vigo a 15 de setembro de 2015

O director do CSM de Vigo

